

TEXTO Nº 7: OS RÍOS

Os ríos son unha parte fundamental dos diferentes ecosistemas da Terra. Proporcionan moita vida! Neles viven unha gran variedade de animais e vexetais, e son unha fonte enorme de riqueza para a humanidade, pois nos permiten obter auga potable, desenvolver a agricultura, a pesca, a comunicación...

Son tan importantes, que á súa beira medraron grandes civilizacións, como a exipcia, que se estendeu ao longo do río Nilo, ou a sumeria, que se desenvolveu entre os ríos Tigris e Éufrates.

AS AMEZAS DOS RÍOS

En Galicia temos miles de ríos. O 30% deles, aproximadamente, teñen parte dos seus hábitats danados, e máis do 50% dos bosques que medran nas súas ribeiras, se encontran mal conservados. Os ríos que están en peor estado son os que atravesan as áreas urbanas: o Sar, o Umia, o Limia... Vense afectados, sobre todo, polas **canalizaciones**, polas **verteduras tóxicas** (ácidos, metais, aceites...), que desbotan sen control moitas fábricas, polos **residuos orgánicos** mal depurados que producimos os humanos e o gando, e polos **produtos químicos** empregados na agricultura. A construción de **grandes encoros**, para producir electricidade, como os que existen no río Sil, tamén teñen graves consecuencias sobre eles, pois alteran o cauce e o curso natural do río. e boa parte da biodiversidade queda afectada. Outras ameazas importantes son os **transvasamentos** de auga, os **incendios** e o **quecemento global**. A perda dun río acaba con moitas especies animais e vexetais e causa moitos problemas ás poboacións humanas que viven arredor deles: falta de auga e alimento, enfermidades...

O Mar de Aral, en Asia central, é un dos exemplos máis recentes e destacados de como os humanos podemos destruír totalmente un ecosistema, por alterar o curso dun río. Pero tamén na China están a desaparecer lagos por culpa do excesivo consumo de auga e moitos ríos do planeta están a secar a consecuencia do cambio climático.

QUE PODEMOS FACER

Aínda estamos a tempo de salvar os ríos! Frear o quecemento do planeta, instalar minicentrales eléctricas, en lugar de construír grandes encoros, acabar cos transvasamentos de auga, reducir o seu consumo, reciclar o papel, o plástico, o vidro e os residuos orgánicos, instalar minidepuradoras nas vilas e aldeas e eliminar os produtos químicos artificiais, empregados na agricultura e na industria, contribuiría a manter os cauces dos ríos limpos e cheos da vida.

Xornal Papagaio. (2017/04). Os ríos. Ecoloxía.